




# FERVENZAS DO RÍO PARADA

Adela Leiro, Mon Daporta



Unha ruta, nos concellos de Fornelos de Montes e A Lama, que percorre varias fervezas nas cabeceiras do Oitavén, que, na parte alta, na baixada da serra do Suído, chámase Val do Home e Parada. Podemos aproveitar para coñecer as fermosas paisaxes e a vexetación da serra do Suído.

Distancias por estrada (lineais):

- Desde Ponte Caldelas: 18 km
- Desde A Lama: 15 km

## 1-A Feixa (Verducido)



**Distancia:** 1 km (ida e volta desde a ponte do río)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 1 hora

O río Parada encáixase, no linde dos concellos de A Lama e Fornelos de Montes, nunha zona de granitos formando rápidos, pozas e unha ferveza en tres tramos de 9 metros.

**COMO CHEGAR:**

Na Estrada PO 255, entre A Lama e Fornelos de Montes, pásase Verducido e chégase á ponte sobre o río. Desde alí pódese seguir pola marxe dereita e ver algúns rápidos e a ferveza principal de lonxe. Para vela mellor é preciso seguir pola estrada ata o primeiro cruce á dereita que sube polo lugar de Outeiriños, e alí coller de novo á dereita uns cen metros ata o remate da pista desde onde baixa un carreiro á esquerda que segue o río ata as fervezas.



## 2-Eiroa (Río Val do Home)


**Distancia:** 1.500 m (ida e volta)

**Dificultade:** media

**Duración:** 1 hora

No río Valdohome, unha das cabeceiras do Parada. Hai unha serie de rápidos e pequenas fervezas, a maior de 8 m de altura, no lugar de Eiroa (Fornelos de Montes).

**COMO CHEGAR:** na subida ao Suído pola estrada de Verducido (na Lama) á Laxe e Eiroa, xunto ás primeiras construcións do lugar da Eiroa cóllese, á esquerda, un camiño que baixa ao río. Logo de cruzar unha pontella séguese o camiño que sobe remontando o río polos carreiros do monte e a uns 400 m vese a ferverza máis grande. Pódese baixar con dificultade.



## 3-Os Casariños (Rego Fonte Uceira)

**Distancia:** 100 (para vela)

**Dificultade:** baixa (alta se se baixa ao pé da ferverza)

**Duración:** 15 minutos

No rego da Fonte Uceira, un afluente do Val do Home. O rego cae nun gran desnivel en rochas graníticas formando dous grandes saltos.

**COMO CHEGAR:**

Desde Fornelos de Montes ou Ponte Cadelas váise a Verducido e desde alí a Eiroa, por unha estrada que sobe á serra do Suído. Pasada Eiroa, a 1,400 m das últimas casas atópase unha explotación gandeira á dereita da estrada. Séguense uns cen metros e, despois dunha curva moi ancha, hai unha entrada á esquerda (un terreo limpo a xeito de pista). Déixase o coche e camínase cara ao río ata a parte alta do monte e xa se ve a magnífica freixa en fronte. Baixar a carón dela sería moi complicado, pois hai que facelo monte a través.

